

NON HAI NOITE TAN LONGA

Agustín Fernández Paz

XERAIS NARRATIVA (1331303)

272 páxinas, NOVELA

ISBN: 978-84-9914-252-4

P.V.P: 17,50 €

NOVIDADES MAIO 2011



« NON HAI NOITE TAN LONGA » DE AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ UNHA NOVELA QUE NO HA DEIXAR A NINGUÉN INDIFERENTE

UNHA OBRA DE LECTURA ENGAIOLANTE, DEBEDORA DAS TÉCNICAS DA NOVELA NEGRA, QUE OFRECE UNHA MINUCIOSA INDAGACIÓN MORAL E UNHA ÁCIDA OLLADA CRÍTICA SOBRE A NOSA SOCIEDADE EN DOUS MOMENTOS DA HISTORIA PRÓXIMA

Gabriel Lamas ten cincuenta anos e vive en París desde 1970. Aos dezaioito anos marchou de Monteverde, a súa vila natal, e nunca máis volveu. Nin sequera cando morreu o seu pai, inxustamente acusado dun delito polo que foi condenado e encarcerado, nun proceso que provocou a súa morte, en 1972. Só trinta e dous anos despois, o falecemento da súa nai é o que o forza a regresar. Entón, comprobará que nunca podemos fuxir do noso pasado e que as feridas mal curadas non deixan de supurar. O encontro coa ánima do seu pai, na desolada casa familiar cambiaralle a vida para sempre.

En *Non hai noite tan longa* atopamos os ecos dos temas esenciais da literatura e das figuras dos personaxes clásicos, inseridos nunha narración de escrita transparente que flúe coma a auga. Unha obra de lectura engaiolante, debedora das técnicas da novela negra, que ofrece unha minuciosa indagación moral e unha ácida ollada crítica sobre a nosa sociedade en dous momentos da historia próxima: os últimos anos da ditadura e os primeiros do século XXI. Mais tamén, como acuñou Shakespeare nunha das pasaxes máis citadas de *Macbeth* - «Reunide todo o ánimo que poidades. Que non hai noite tan longa que non remate en día»-, esta obra propón unha mensaxe de confianza no futuro e na recuperación da dignidade das persoas. Unha novela que non ha deixar a ninguén indiferente.

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) é unha das figuras máis destacadas da literatura galega contemporánea. Como narrador ten publicado, entre outras obras: *Contos por palabras* (1991, 2010), Premio Lazarillo 1990, Lista de Honra do IBBY 1992; *Rapazas* (1993, 2003), relatos; *Trece anos de Branca* (1994), novela, Premio Edebé de literatura xuvenil 1994; *Cartas de inverno* (1995, 2007), novela, Premio Rañolas ao mellor libro xuvenil de 1995; *Amor dos quince anos, Marilyn* (1995, 2001), relatos; *O centro do labirinto* (1997), novela; *Aire negro* (2000, 2009), novela, Lista de Honra do IBBY 2002, Lista The White Ravens 2004 e Premio Protagonista Jove 2001; *Noite de voraces sombras* (2002), novela; *Tres pasos polo misterio* (2004), relatos; *Corredores de sombra* (2006), novela, Premio Frei Martiño Sarmiento 2007; *O único que queda é o amor* (2007), relatos, Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil 2008, Premio Neira Vilas da AGE 2007, Premio da AELG 2008, Premio Frei Martiño Sarmiento 2008; *Lúa do Senegal* (2009), novela, Premio da AELG 2010; *Non hai noite tan longa* (2011), novela e *Fantasmas de luz* (2011), novela. A maior parte da súa obra esta traducida a todas as linguas ibéricas, ademais de ao coreano, árabe e francés. Entre outros recoñecementos á súa traxectoria, recibiu o Premio Irmandade do Libro (2003), outorgado pola Federación de Libreiros de Galicia; o Premio Xosé María Álvarez Blázquez (2008), outorgado pola Asociación Galega de Editores, e a Letra E (2009) da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Nos anos 2009 e 2011 foi o candidato da OEPLI ao Astrid Lindgren Memorial Award. En 2011 foi escollido pola OEPLI como o candidato español ao Premio Andersen 2012.